





Mamá, quiero ser Ziggy Stardust

Iria Misa



Club de Lectura Diversxs – IES N.º 1 - Curso 2022-2023




 **XERAI S**

Xa non estou aquí

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2016

Ánxela repite 1º de Bacharelato obrigada polos seus pais. A súa vida sofre un cambio rotundo cando, a comezo de curso, meses antes da súa misteriosa desaparición, coincide con María, que a seduce para integrala nos Murnios, un grupo de hábitos diferentes ao resto de compañeiros e compañeiras. Fascinada pola acollida destas novas amizades, aceptará asumir as arriscadas probas a que os Murnios se autosometen decontino na procura de experiencias vitais extremas que os satisfagan, o que creará momentos de incerteza na feble personalidade de Ánxela, afectada pola incompreensión da súa familia e polo abandono intensamente doloroso da súa parella. Xa non estou aquí é unha novela que fala de sentimentos universais: da necesidade de pertenza a un grupo, do amor, da soidade e da morte... Unha novela coral onde dende diversos puntos de vista se pon de manifesto o cariz tan distinto que pode tomar a realidade dependendo dos ollos de quen a mira.




Segredos no solpor (2018)



En Bico durante os meses de vacacións todas as noites son de festa, mais o día que Lucía Xesta aparece tirada na estrada en fronte do Hotel O Solpor o verán semella quedar en paréntese. Algún coche que saíu da rotonda a máis velocidade da debida levouna por diante, e o condutor, ao parecer, deuse á fuga. A Mara que atropelase a súa compañeira Lucía ás seis e media da mañá fronte ao paso de peóns situado diante do hotel dos seus pais, xusto aquel día, pareceulle unha broma pesada. Outro máis dos enigmas incrustados nas paredes do antigo edificio, baixo as vellas fotografías de Bico que decoran os cuartos e os corredores. A chegada de Antón e os seus pais, xunto coa aparición dunha nota entre os libros do tío Paco, axudaranlle a comprender os segredos que garda o hotel e a desvelar as razóns de tan estraño atropelo. Unha engaiolante novela de intriga sobre a forza dos sentimentos, a melancolía dos erros pasados e as violencias visibles, e tamén invisibles, que sofren as mulleres.

«A Aine encántalle xogar a cantar e bailar. Parécelle o máis divertido do mundo, da galaxia e do Universo enteiro! Cando canta e baila, experimenta unha sensación moi agradable: sente que, ao mover os brazos, as pernas e as cadeiras, o seu cerebro se pon contento e se enche de ledicia. Aine canta e baila sempre que pode. É o seu xogo favorito. Se sodes listos, e seguro que o sodes, xa o imaxinabades. »



« -Aine, estás ben?

A cara de Aine púxose branca coma a parede. Cravou a mirada no cabelo que cubría o chan. Durante ese par de segundos arrepenhiuse, mais xa non había volta atrás. Anicámonos e recollemos axiña todos os cabelos que puidemos. Tirámoslos ao váter. Resultaba imposible limpálos! Acabaron pegados por todas partes: polo lavabo, pola bañeira, polas baldosas das paredes. Aínda por riba, a auga da cisterna non os deu tragado. Cando Aine premeu o botón, una bóla roxa quedou dando voltas e máis voltas na auga. Xusto nese momento, Fran abriu a porta. Eu agocheime detrás da cortina da ducha.

- Aine! Pero que demo fixeches?! -berrou levando as mans á cabeza-

- Non son Aine! -contestoulle-. Eu son Ziggy, Ziggy Stardust!»



«No cole algo mudara. Foi entrar no edificio e axiña nos decatamos: ducias de ollos caeron sobre Aine en cada un dos corredores. Todos os nenos, todas as nenas, ata algún dos profes, o examinaron de arriba a abaixo con pouco disimulo. Cando Aine os ollou de volta, algúns sorríronlle e outros apartaron a mirada. Os que fixeron isto semellaban asustados, coma se por prestarlle atención puidesen contaxiarse de algo raro; coma se ao neno que mirase a Aine máis tempo do necesario lle fosen deixar de gustar o fútbol e as pelis de coches de súper; ou coma se unha nena que se fixase demasiado no seu aspecto fose deixar de pedir bonecas polo Nadal e traxes de princesa polo Entroido.»





Imaxe tirada do Twitter de Iria Misa